

## 1. INTRODUCCIÓN



Comezamos a nosa viaxe cando no noso colexio a área de lingua castelá prescinde de libro de texto e ademais comezamos un proxecto de centro: Proxecto Europa.

Cal é a mellor forma de aprender a materia, de conseguir esas competencias claves, de traballar colaborativamente, de aprender a expresarnos oralmente e por escrito, de buscar información e crear presentacións...? Para todas esas preguntas soamente houbo unha resposta: través dun libro. Así que a titora e o alumnado de 4º de primaria nos adentramos neste proxecto. O libro elixido tiña que ser dun autor europeo, e polo seu carácter fantástico e adaptable ao currículo, centrámonos en “Cuentos por teléfono” de Gianni Rodari.

A través dunha metodoloxía activa tratouse de desenvolver o talento, fomentar a creatividade e o espírito crítico do alumnado, sempre apoiados pola biblioteca escolar como fonte básica da nosa aprendizaxe aínda que os espazos de aprendizaxe foron moi diversos ao longo do desenvolvemento do traballo.

## CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; escoita; respecto á quenda de palabra; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.1.1. Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.1.2. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Recoñece a información verbal e non verbal dos discursos orais e intégrala nas producións propias.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.2.1. Integra recursos verbais e non verbais para comunicarse nas interaccións orais, dándolle valor complementario a estes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas: articulación, ritmo, entoación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Participación en situación de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situación de comunicación:</li> <li>▪ - diálogos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ -exposicións orais segundo modelo e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.3.2. Participa activamente nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Dedución das palabras polo contexto. Interese pola ampliación do vocabulario. Creación de redes semánticas sinxelas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Facer hipóteses sobre o significado de palabras sinxelas a partir do seu contexto de uso.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.4.1. Utiliza o vocabulario axeitado a súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.4.2. Diferencia polo contexto o significado de correspondencias fonema-grafía idénticas en textos significativos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais dos textos orais sinxelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB1.5.1. Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social, identifica o tema e selecciona as ideas principais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.5.2. Recoñece a tipoloxía de textos orais sinxelos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.5.3. Responde preguntas correspondentes á comprensión literal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.5.4. Utiliza a información recollida para levar a cabo diversas actividades en situación de aprendizaxe individual ou colectiva.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Reprodución de textos adecuados ao nivel que estimulen o seu interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.6. Reproducir textos axeitados á súa idade, os seus gustos e intereses, utilizando con creatividade as distintas estratexias de comunicación oral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.6.1. Reproduce de memoria breves textos literarios ou non literarios axeitados aos seus gustos e intereses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Produción de textos orais de diversa tipoloxía segundo o seu formato e intención comunicativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.7. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos e adecuados ao seu nivel</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.7.1. Elabora, imitando modelos, textos orais breves e sinxelos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados,</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</li> </ul>	
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.7.2. Organiza o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos (narrar, expoñer, describir e dialogar)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.8. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar con atención, recoller datos, preguntar e repreguntar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.8.1. Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita, recollida de datos, pregunta e repregunta.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>b</li> <li>d</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.8. Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos e preguntar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.9. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.9.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para recoller información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.9.2. Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa realidade, imitando modelos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB1.9.3. Resume de forma global entrevistas, noticias e debates infantís procedentes dos medios de comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>

Tendo como marco referencial o currículo de 4º de primaria de lingua castelá, do **bloque 1**

tocamos todos os contidos, criterio e estándares. Fixemos moitas actividades de expresión oral:

Expoñer resumos, obras de teatro, telexornais, programa de radio... Asimesmo escoitamos aos

demais e tratamos de entender diferentes tipoloxías de textos. Ampliamos o vocabulario coa lectura dos diferentes contos lidos tratando de sacar entre todos o significado das palabras que poideran ser dificultosas.

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER</b>				
▪ e	▪ B2.1. Lectura, en silencio e en voz alta de distintos tipos de texto adecuados ao seu nivel.	▪ B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos.	▪ LCB2.1.1. Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade	▪ CCL
▪ e	▪ B2.2. Comprensión global e específica de distintos tipos de texto atendendo a forma da mensaxe (descriptivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescriptivos).	▪ B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.	▪ LCB2.2. 1. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.2.2. Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais.	▪ CCL ▪ CAA
▪ e	▪ B2.3. Utilización de estratexias para a comprensión lectora de textos: consideración do título e das ilustracións. Identificación de palabras clave. Relectura. Anticipación de hipóteses de significado polo contexto. Recoñecemento básico da tipoloxía textual. Uso do dicionario.	▪ B2.3. Utilizar estratexias para a comprensión de textos sinxelos de diversa tipoloxía.	▪ LCB2.3.1. Formula hipóteses sobre o contido do texto a partir do título e das ilustracións redundantes.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.3.2. Identifica as palabras clave dun texto.	▪ CCL ▪ CAA
			▪ LCB2.3.3. Activa coñecementos previos axudándose deles para comprender un texto.	▪ CCL ▪ CCA

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			▪ LCB2.3.4. Relaciona de xeito global, a información contida nos gráficos e ilustracións coa información que aparece no texto.	▪ CCL ▪ CMCT ▪ CCA
			▪ LCB2.3.5. Interpreta mapas conceptuais sinxelos.	▪ CCL ▪ CCA
			▪ LCB2.3.6. Iníciase na utilización autónoma do dicionario en distintos soportes, no seu traballo escolar.	▪ CCL ▪ CAA
▪ b ▪ e	▪ B2.4. Gusto pola lectura. ▪ B2.5. Selección de libros segundo o gusto persoal. ▪ B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector.	▪ B2.4. Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos.	▪ LCB2.4.1. Dedicar un tempo semanal para a lectura voluntaria de diferentes textos.	▪ CCL
▪ b ▪ e ▪ i	▪ B2.6. Lectura dos libros establecidos no Plan lector. ▪ B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de aprendizaxe e de lecer.	▪ B2.5. Utilizar fontes e soportes existentes na biblioteca para seleccionar e recoller información, ampliar coñecementos e aplicalos en traballos persoais.	▪ LCB2.5.1. Consulta biblioteca, de xeito guiado, de diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información para realizar traballos individuais ou en grupo.	▪ CCL ▪ CD ▪ CAA

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB2.5.2. Localiza na biblioteca de aula e centro lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas de funcionamento da mesma.</li> <li>LCB2.5.3. Identifica o argumento de lecturas realizadas dando conta dalgunhas referencias bibliográficas: autor ou autora e xénero.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> <li>CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8. Iniciación á creación da biblioteca persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.6. Mostra interese por manter unha biblioteca propia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB2.6.1. Coida, conserva e organiza os seus libros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Identificación e valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos polo texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.7. Identifica a estrutura organizativa de diferentes textos lidos, centrándose na interpretación do seu significado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB2.7.1. Diferenza entre información e publicidade.</li> <li>LCB2.7.2. Formula hipótese sobre a finalidade de textos de tipoloxía evidente a partir da súa estrutura e dos elementos lingüísticos e non lingüísticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.10. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.8. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>LCB2.10.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>

No tocante ao **bloque 2** de lingua castelá de 4º, tamén tocamos todos os contidos, criterios e estándares. Fixemos lecturas en voz alta, individuais e ademais como os diferentes contos están tratados de forma diferentes, limos teatro, receitas, relatos... O gusto pola lectura creouse, xa que o alumnado estaba moi motivado e quería saber máis contos do libro. De feito na biblioteca comezaron a coller por iniciativa propia outros libros do autor. En canto a utilización das novas tecnoloxías para a procura e tratamento da información, os alumnos tiveron que buscar información por grupos de diferentes temáticas que logo expoñerían a través de presentacións aos seus compañeiros. A información a buscar foi a seguinte: Información sobre Italia, personaxes italianos, a vida de Gianni Rodari e as obras de Gianni Rodari.

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Producción de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.</li> <li>▪ B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación.</li> <li>▪ B3.3. Aplicación das normas ortográficas. Acentuación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e cuidando a caligrafía, orde e presentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelo do ámbito escolar e social: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas....</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.1.2. Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.1.3. Elabora e presenta, de forma guiada, un informe sinxelo, utilizando soporte papel e informático sobre tarefas ou proxectos realizados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.1.4. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Valoración da propia produción escrita, así como da produción escrita dos seus compañeiros.</li> <li>▪ B3.6. Realización de ditados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.3 Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua escrita.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Normas e estratexias para a produción de textos: planificación (función, destinatario, xeración de ideas, estrutura...)</li> <li>▪ B3.8. Textualización en frases con secuencia lineal.</li> <li>▪ B3.9. Revisión e mellora do texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.4. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.4.1. Emprega, de xeito guiado e segundo modelos, estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.4.2. Utiliza, para escribir textos sinxelos, borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e a secuencia coherente do escrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.10. Creación de textos utilizando a linguaxe verbal e non verbal con intención informativa: carteis publicitarios. Anuncios. Cómic.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do seu interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.5.1. Elabora gráficas sinxelas a partir de datos obtidos de forma guiada.</li> <li>▪ LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos breves do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómic, carteis, ilustrándoos para facilitar a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.11. Uso da linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.6.1. Exprésase por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.12. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e da Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.7.1. Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e da Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, buscar imaxes, crear táboas e gráficas etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.13. Produción de textos segundo Plan de escritura do centro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.8. Escribir os textos establecidos no Plan de escritura.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB3.8.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

O **bloque 3** desta área tamén estivo moi presente no noso traballo, xa que o alumnado tivo que compondos diferentes tipos de textos: Resumos, relatos, cómic, receitas, cartas, novas, programas de radio obras de teatro, todos relacionados con contos lidos no libro ou téndoos como referencia. Fixéronse gravacións dalgúns traballos, polo que tras o visionado comprobaron os aspectos a mellorar, de feito facíamos reflexión cando os víamos.

No tocante ao **bloque 4** (Coñecemento da lingua), tomábamos como textos para buscar palabras os contos que traballábamos, mais deuse información máis teórica a través de fotocopias que ían pegando nos cadernos. (Traballamos as clases de palabras, ortografía... propia do currículo)

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> <li>▪ o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.13. Identificación das similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.7. Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB4.7.1. Compara aspectos (gráficos, sintácticos e léxicos) das linguas que coñece.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<b>BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Valoración dos textos literarios como vehículo de comunicación e como fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas e como gozo persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Valorar os textos literarios e utilizar a lectura como fonte de lecer e información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB 5.1.1. Valora de forma global, as características fundamentais de textos literarios narrativos, poéticos e dramáticos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Lectura guiada de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.</li> <li>▪ B5.3. Lectura comentada de poemas, relatos e obras teatrais.</li> <li>▪ B5.4. Identificación de recursos literarios</li> <li>▪ B5.5. Distinción entre conto e lenda. Coñecemento de lendas españolas e doutros países.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos básicos da linguaxe literaria e diferenza das principais convencións formais dos xéneros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB 5.2.1. Realiza lecturas guiadas e comentadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.</li> <li>▪ LCB 5.2.2. Interpreta, intuitivamente, a linguaxe figurada en textos literarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Identificación de recursos literarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, cancións, contos, refráns e adiviñas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB 5.3.1. Distingue algúns recursos retóricos básicos propios dos poemas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

ÁREA	LINGUA CASTELÁ E LITERATURA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB 5.3.1. Utiliza, de xeito guiado, comparacións, aumentativos, diminutivos e sinónimos en textos literarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Creación de textos literarios en prosa ou en verso, valorando o sentido estético e a creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e teatro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións e fragmentos teatrais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB 5.4.1. Crea, con axuda, sinxelos textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Comprensión, memorización e recitado de poemas co ritmo, entoación e dicción adecuados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.5. Reproducir textos literarios breves e sinxelos e adaptados á idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB 5.5.1. Memoriza e reproduce sinxelos textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.8. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB 5.6.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.9. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada) como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.7. Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ LCB 5.7.1. Valora a literatura en calquera lingua, especialmente en lingua galega, como vehículo de comunicación e como recurso de gozo persoal.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

Por último, o **bloque 5** tamén tratouse con totalidade a través do proxecto, a través das lecturas, da creación dos diferentes textos literarios, a través da dramatización e lectura dramatizada de textos.



## **COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER A TRAVÉS DO PROXECTO**

### **1º. Comunicación lingüística (CCL).**

A máxima valoración desta competencia vémosla reflectida na exposición oral que se fai do produto final dos proxectos, tanto dentro da aula a través da presentación que cada alumno/a fai do seu traballo, como nas diferentes actividades de expresión oral e escrita.

- Usa de xeito autónomo e responsable a Biblioteca escolar.
- Selecciona a información relevante.
- Comunica de forma oral e escrita, de xeito coherente, a información obtida

### **2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).**

Interpretar a información, aplicar estratexias para a resolución de problemas, comprender a realidade ou resolver problemas da vida cotiá, veuse reflectido en lecturas onde reflexionamos sobre o impacto da contaminación no medioambiente, en contos sobre número o unas elaboracións de receitas de cociña. Todos textos sacados do libro.

### **3º. Competencia dixital (CD).**

Púxose o acento especialmente no apartado de tratamento da información: buscar, seleccionar, procesar e comunicar a información elaborada.

Como usuarios da Biblioteca escolar:

- Usa a Biblioteca escolar como fonte para a busca e selección de información.
- Busca e selecciona material na biblioteca relacionado coa temática.
- Participa activamente na realización dos traballos.
- Expón de forma coherente o resultado do traballo.

- Utiliza as TIC como medio de busca, selección e tratamento da información consciente da necesidade de rigor e de contrastar información antes de ser utilizada.

#### **4º. Aprender a aprender (CAA).**

Guiamos o proceso de busca da información co obxectivo de ir aumentando a autonomía do alumnado na consecución das aprendizaxes, organizando o seu traballo e os coñecementos adquiridos.

- Recompilar de xeito organizado e coherente a información
- Aprender a sintetizar información dunha charla expositiva ou dun medio audiovisual.
- Aprender a sintetizar información para facer unha exposición oral publicamente.

#### **5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).**

Entender aos demais, respetar os turnos e ideas, valorar o propio e alleo, colaborar para un resultado final... todo iso estivo presente no proxecto.

- O traballo cooperativo é fundamental para a aprendizaxe desta competencia.
- Aprender a organizarse de xeito cooperativo para a busca, selección e síntese da información.

#### **6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

O alumnado participou activamente en todo o proceso tomando iniciativa, colaborando na tomade decisións, asumindo responsabilidades.

- Elaboración e reelaboración dos seus proxectos, buscando o propio ritmo persoal de traballo.
- Avaliación e autoavaliación das exposicións.
- Achegamento de ideas e colaboración na toma de decisións.

#### **7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

O alumnado coñeceu, valorou e apreciou de xeito crítico as manifestacións culturais propostas na aula así como as expresións propias e dos compañeiros, ata lograr montar unha exposición pública de todos os traballos realizados onde desenvolveron a propia capacidade artística creadora onde poñen en funcionamento a propia iniciativa, imaxinación e creatividade.

#### CALENDARIO PARA AS TAREFAS PREVISTAS

Comezamos en outubro, utilizando as horas de lingua castelá. Unha delas, a do martes, era sempre na zona da biblioteca, onde traballamos cos ordenadores. Polo tanto o proxecto realizouse con catro horas semanais e practicamente todo o curso.

#### **ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE**

O alumnado que foi partícipe deste proxecto foi o de 4º de primaria. A mestra implicada foi a titora de 4º que é a responsable de dinamización da biblioteca (María Moreno Sande).

#### **ORGANIZACIÓN PARA A SÚA REALIZACIÓN**

Desde o primeiro momento, na reunión global coas familias, sabían que co libro íamos aprender lingua castelá de maneira máis significativa. O alumnado tamén estaba ao tanto. Colleuse unha sesión na biblioteca para poder traballar nela os martes a última hora. Eses martes ao comezo aprendimos a escribir nel, a usar diferentes programas e a buscar en internet. Para ao final acabar facendo as presentacións. Os demais días se organizaron mesturando lectura de contos, resumos, teoría e por suposto elaboracións por grupos ou parellas de diferentes composicións que ían ser expostas aos demais compañeiros.

A estrutura estivo clara para o alumnado e mestra en todo o momento.

## **2. OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.**

Comezamos co libro e xurdiron aspectos que tiñan que coñecer como eses lugares de Italia, as súas costumes... Ademais queríamos coñecer ao autor, xa que había lugares que se repetían nos contos e queríamos saber se tiñan que ver con algún aspecto da súa vida, que máis obras

realizou e que outros personaxes importantes houbo ao longo da historia en Italia. Así que a nosa investigación centrouse neses catro aspectos:

- Información sobre Italia
- Personaxes italianos
- Vida de Rodari
- Obras de Rodari.

### **3. BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA**

O motor do proxecto foron as preguntas e debates que xurdían na aula. A mestra tenta canalizar esas ansias de saber en actividades de investigación cuxos resultados recolléronse nas diferentes actividades realizadas e cun traballo final que foi a realización das presentacións. Tratouse de que a experiencia fose enriquecedora e a medida que xurdían diferentes tipoloxías de textos, facíase que vivisen na súa pel ese proceso de elaboración e por último posta en práctica, empregando un enfoque metodolóxico que fomentara o traballo colaborativo e a autonomía persoal

### **4. DOCUMENTACIÓN ELABORADA**

O grupo de 4º atopou neste curso moitas novidades: o traballo por proxectos, a mellora da competencia lingüística a través de actividades significativas con distintas tipoloxías textuais, o ensino entre iguais, o traballo colaborativo, o emprego de distintos equipos (ordenadores, equipo de radio, auriculares...). Por parte da mestra buscou que nestas aprendizaxes houbera un equilibrio entre o papel de guía e un espazo-tempo de aprendizaxe autónomo (individual-parella-equipo). Á hora de traballar os textos, nalgúns casos empregáronse outros de referencia para analizar as súas partes e funcionalidades e iso foi suficiente para comprender a súa dinámica e poder elaborar uns propios.

## 5. RELACIÓN DE TAREFAS

De seguido faise unha relación das tarefas máis relevantes para a posta en marcha e para o resultado final do proxecto:

A nivel profesorado:

- Analizar a situación inicial. Destacando os puntos débiles e fortes, así como a presentación do proxecto.
- Establecer o obxectivo final e planificar as tarefas e a súa secuenciación para acadalo.

A nivel alumnado:

- Confección dun mapa de Italia onde se ían sinalando os diferentes lugares que aparecían nos contos lidos.
  - Resumos e debuxos de contos lidos, que eran comunicados aos demais compañeiros.
- Transformación dos relatos en obras de teatro, cos seus compoñentes.
  - Realización de cómics.
  - Aprendizaxe de como utilizar o ordenador: onde e como coller imaxes e sons sen dereitos de autor, como usar o procesador de textos (con introducción na mecanografía), como buscar por internet, e como utilizar o programa de presentacións.
  - Xogos de rol e de expresión dramática.
  - Aprendizaxe dunha panxoliña, cata de pandoro e coñecemento das tradicións italianas no Nadal, que expuñeron no corredor do colexio.
  - Investigación sobre o entroido en Italia e confección de máscaras venecianas.
  - Investigación de como é un telexornal, elaboración dun propio, gravación e visionado das producións.

- Investigación por grupos na rede sobre as temáticas marcadas: Características de Italia, personaxes italianos, biografía de Gianni Rodari e obra.
- Elaboración de presentacións e posta en común co alumnado.

## 6. RECURSOS E FONTES CONSULTADAS

- Libro de “Cuentos por teléfono” de Gianni Rodari, editorial Juventud.
- Recursos tecnolóxicos (audiovisuais e informáticos)
- Materiais escolares (cores, lapis...)
- Libros de Gianni Rodari dispoñibles na biblioteca do centro.
- Espacios como a biblioteca e a aula de 4º de E. Primaria
- Fontes de consulta :
  - En papel:
    - Babula, J. *Ciudades de Europa (láminas para colorear)*. Susaeta
    - Unión Europea. *¡Vamos a explorar Europa!*
    - Fernández Fermoselle, Á. *Lolota viaja a Italia*. Editorial Kailas
  - Noutros soportes:
    - *Wikipedia*
    - <https://www.aulapt.org/2016/02/24/como-trabajar-con-el-libro-cuentos-por-telefono/>
    - <https://www.lonelyplanet.es/europa/italia>
    - <https://blog-italia.com/>
    - <https://www.viajaraitalia.com/informacion-general-de-italia/>
    - <https://www.geoenciclopedia.com/italia/>
    - <http://biografia.co/gianni-rodari/>
    - <https://www.todostuslibros.com/autor/gianni-rodari>
    - <http://www.lecturalia.com/autor/5160/giani-rodari>

- <https://www.superprof.es/blog/personalidades-celebres-de-italia/>
- <https://www.blogistar.com/2010/08/%C2%BFquienes-son-los-italianos-mas-famosos/>

## 7. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A comunidade educativa facilitou o traballo deste proxecto, atendendo as peticións que se facían para usar determinadas instalación (radio, corredor, biblioteca...), así como a axuda na casa aportando ideas, axudando nos diferentes traballos que se mandaban, deixando traer obxectos italianos da casa...

## 8. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

Os traballos realizados polos nenos e nenas de 4º difundíronse no centro a través de exposicións puntuais (no nadal ou entroido) e a través de exposicións das gravacións e das presentacións feitas.



Cada alumno levou para casa unha mostra de todo o traballado.

## 9. AVALIACIÓN REALIZADA

A avaliación de cada un dos exercicios, actividades e tarefas desenvolvidos ao longo do proxecto fíxose a partir de diferentes procedementos: a observación directa do traballo diario, a análise das producións realizadas, o debate e a autoavaliación. Os instrumentos empregados para avaliar a mesma foron, fundamentalmente, cuestionarios, rúbricas e o diario de traballo, no cal recolléronse todas as observacións relacionadas co desenvolvemento do proxecto, as

dificultades atopadas, o xeito en que se foron resolvendo así como o grao de participación ecolaboración de cada un dos membros do equipo de traballo.

A valoración dos logros acadados por alumnado, profesorado e resto da comunidade educativa implicada no proxecto foi altamente positiva e todos aqueles atrancos ou dificultades coas que nos enfrentamos foron resoltas de xeito pacífico e comprensivo. As familias participaron activamente colaborando en todo o que se lles pediu e implicándose no proxecto.

## 10. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA B.E.

Neste proxecto é a biblioteca a fonte de documentación, laboratorio creativo de aprendizaxes, e tamén espazo de convivencia e de realización da maior parte das actividades que xiraron arredor da investigación e elaboración de traballos no ordenador. A biblioteca é o lugar onde o alumnado busca, selecciona e contrasta a información. As actividades de formación de usuarios, ao comezo do curso, permitíronlles aprender a buscar os fondos, resumir, ser críticos coa información atopada...Asimesmo a radio da biblioteca serviunos para a realización dalgunha actividade.. A biblioteca é o centro do proxecto, o motor e a impulsora para que se poida realizar.

